

## A carta socrática de Ramón Piñeiro

*Darío Villanueva*

Unha das alegrías que a lectura do número de *Grial*\* dedicado á lembranza de Ramón Piñeiro nos deparou foi a de que o «seu inmenso epistolario, acumulado día a día durante moitos anos» ía ser publicado pola editorial Galaxia. Entretanto, abóndame para o meu propósito de agora coas nove cartas que a revista reproduce, co aval de que o propio Piñeiro tiña seleccionado algunha delas «como material para as súas memorias». Aínda máis, as miñas páxinas baséanse fundamentalmente en só unha desas cartas, na que atopo elementos significativos para os meus obxectivos, que as demais, por certo, non desautorizan.

O obxecto de investigación da Lingüística é hoxe en día a conducta verbal dos humanos non soamente a estrutura e funcionamento interno das linguas, e outro tanto cómpre dicir da Teoría da Literatura, pois cada vez seméllame máis certo que a obra de arte literaria non é máis que a estilización e sublimación de certas formas de comportamentos lingüísticos comúns.

Neste sentido, atreveríame a propoñer que o acto de fala, no sentido máis estricto do termo, dotado de meirande nobreza é o diálogo, pois na conversa directa está a chave dese milagre da intercomunicación, da comprensión mutua e do entendemento, sen os que non é posible a civilización nin tan sequera a vida social.

Polo mesmo, o acto de escrita máis digno sería a carta, sorte de conversa indirecta tal e como foi considerada desde Erasmo de Rotterdam —«Est enim... epistola absentium amicorum quasi mutuus sermo»— a John Donne: «More than kisses, letters mingle souls. For, thus friends absent speak».

Repárese no doado que é dar o salto desde estes dous actos de fala e de escrita primarios ó eido eminente da Literatura. No diálogo está o cerne non só do teatro e dun aspecto básico da narración, senón tamén desa forma de ensaio dialéctico que desde Platón non deixou nunca de ser cultivado. E esa conversa por escrito que é a carta atopa xa nas *Epistulae ad familiares* de Cicerón unha primeira consagración que non esmorecerá en diante, pois nas literaturas modernas a carta termará de xéneros tan importantes como o ensaio ou, xa que logo, a novela epistolar. Máis non é o meu propósito salientar o valor literario das cartas de Piñeiro, que queda ben

---

(\*) V. «Da miña acordanza. Ramón Piñeiro 1915-1990. Documentos políticos. Cartas», *Grial*, número 111, 1991.

claro, por exemplo, no comezo da que escribira a José Luis Allué Andrade en decembro de 1953: «Recibín a túa carta do día 7, portadora, para min, dunha delicadísima sorpresa: os 'dous poemas' adicados. Mesmo foi o abrir a túa carta coma se desfollara unha rosa da que saíron voando dúas bolboretas, unha azul e melancólica a voar e voar cara o alto, cara o azul do ceo, á procura da infinitude, e outra branca, leda e lizgaira a revoar e revoar ritmicamente, sempre avivecida por unha crecente borracheira de luz».

Unha característica inherente á carta é a da súa versatilidade. O seu marco permite o tratamento de tódolos temas, a presenza de tódolos rexistros, o cumprimento de moitas e variadas funcións. Tzvetan Todorov reduce estas últimas a dúas: a carta como relación dun feito ou descrición dunha realidade ou a carta como testemuño íntimo do seu autor. E non vai desencamiñada a súa clasificación, pois a maioría das cartas ou ben son noticieiras o ben íntimas.

Semellante presentación salienta dúas funcións da linguaxe, a referencial e a función expresiva do *eu*, respectivamente. Mais esquece as que coido reflecten mellor a indentidade das cartas de Piñeiro, alomenos as que temos polo momento ó noso dispor no *Grial*. Porque don Ramón fai un uso predominante da carta na súa funcionalidade impresiva, perlocutiva dirían os lingüistas pragmáticos, que tan ben se compadece coa súa natureza de conversa a distancia da que temos falado xa.

Sen dúbida, hai que vencellar este feito coa concepción do ser humano que Piñeiro tiña, e que xustamente fica exposta, alomenos en parte, nas súas cartas a Juan Rof Carballo. Na do 20 de maio de 1961, diante da publicación do libro do doutor *Urdimbre afectiva y enfermedad*, Piñeiro engade a importancia do factor xenético, ambiental, cultural na constitución da identidade, mais non rexeita a tese de Rof do humano como «ser *dialóxico*».

Máis aló das súas reservas parciais, coido que o epistolario de Piñeiro responde a esta afirmación que el mesmo fai na citada carta a Rof: «é certa a natureza dialóxica do home e é certa a participación do próximo na súa constitución». Probablemente existe outro tipo de cartas nos arquivos de don Ramón, quizáis cartas íntimas ou relatorias, mais nas que temos á vista non predominan estas dúas posibilidades. Nótese, por exemplo, cómo Rodolfo Prada lle agradece, en 1976, o envío duns «retallos de xornais» cos que Piñeiro liberara a súa carta da minuciosidade noticieira. As súas cartas son esencialmente socráticas.

O diálogo socrático representa un dos cumios da nosa civilización. O mestre de Platón dignificou o interese dos sofistas polo poder de convicción da palabra engadíndolle aquilo do que estes carecían: a ética intelectual. O seu miolo fica na virtude, na *areté* que nace do coñecemento, do saber. Sabio é quen afronta o rigor da existencia coa serena aceptación estoica do seu destino, e quen tenta de levar ó convencemento da verdade ós seus semellantes non pola imposición, a autoridade ou a violencia, senón pola maiéutica do diálogo: trátase de que o interlocutor chegue por el mesmo ó descubrimento da verdade na que o mestre cre e que desexa compartir. Da vixencia de todo isto na personalidade de Piñeiro dá proba o seguinte parágrafo do limiar ás súas iniciais memorias, titulado «Da miña acordanza»: «O tempo, o tempo vivido, vai collendo figura de seu. Externamente, a través das marcas que deixa na nosa fisonomía; internamente, a través da serenidade, do senso dos

límites e da dimensión comprensiva que lle vai dando ao noso pensamento. E sen dúbida que os meus xóvenes amigos percibiron, no decorrer dos nosos diálogos, esa marca interior, invisible pero presente, que o tempo vivido vai deixando no noso espírito. Por eso xurdiu neles a idea de que podía escribir as memorias. Por eso me animaron a escribilas».

A carta, esa sorte de diálogo escrito, adiado e distanciada, convértese na pluma de Piñeiro nun eficaz aparello socrático, aínda máis agarimoso coa conciencia e liberdade do interlocutor ó que se quere convencer do que sería o diálogo directo, *vis à vis*. A carta permite dialogar sen a presión pragmática do contacto entre os falantes. Quizais favorece a sinceridade, a valentía na expresión, sen as cautelas que adoito constrinxen o diálogo. Ben o di Piñeiro ó final da súa misiva a Rof Carballo de marzo do 1954: «Perdoa a extensión e mais a liberdade expresiva». A escrita esixe reflexividade; pódense peneirar mellor as palabras, e substituílas se é necesario no proceso que vai do borrador ó texto definitivamente remesado. A carta chega, xa que logo, e non é forzoso contestala axiña. O destinatario pode meditar a súa resposta, modificar, se é o caso, a súa primeira reacción. E mentres, o emisor agarda pensando no outro, na súa lectura do que se lle enviara, mesmo adiantando o que poida ser a contestación.

O socratismo epistolar de Piñeiro pódese xustificar abondo con aspectos varios destas poucas cartas que *Grial* publica, e supoño que o conxunto do seu epistolario o ratificará. Do tránsito desexable do diálogo epistolar ó diálogo directo fala Rof Carballo: «Lo ideal sería discutir juntos, amigablemente, por los soportales de la Rúa o por la Herradura, largo y tendido». E de que o socratismo de don Ramón era percibido polos seus correspondentes infórmanos o comezo da carta de Rodolfo Prada asinada en Bos Aires o 12 de febreiro de 1976: «Epístola tan razoada, é moi propia de quen, como vostede, adoita manexar, con rigurosidade, os argumentos nos eidos da filosofía». E cando nesta mesma relación epistolar a discrepancia política é patente, Piñeiro defende a súa posición deste xeito verdadeiramente maiéutico: «En todo caso, a min abóndame con llo explicar coa maior claridade que poida. O demais é cousa súa». É dicir, a comprensión e o convencemento é cousa do *outro*..

Máis se tivese que concretar nun só exemplo a miña modesta teoría da carta en Ramón Piñeiro, eu escollería sen dubidalo a que escribira a Celestino Fernández de la Vega o 27 de abril de 1960.

Alí, don Ramón trata de que o seu amigo remonte o estado depresivo no que vive, por mor da anguria que a mediocridade do ambiente lle produce. E para iso vai levando, como en conversa, ó deprimido dun razoamento a outro para producir nel a reacción positiva da verdade. Comeza cunha afirmación do meirande interese para nós: «Ti sabes moi ben que a necesidade ambiental andivo sempre inseparablemente unida á vida cultural máis pura e valiosa. ¡Ou, se Sócrates, ou Cervantes, ou Kant nos contaran as súas íntimas experiencias co ambiente! Mais eu coido que unha das máis radicais esixencias éticas da cultura é mesmamente a loita eficaz contra a necesidade ambiental». Axiña, Piñeiro chega a formular nidiamente a súa mensaxe: «O solipsismo espiritual é un grave pecado contra a cultura», non é de recibo illarse e non loitar creativamente contra as facticidades limitadoras dos demais. O carácter socrático da súa misiva brilla xa no momento da despedida epistolar: «Confío en que non tomarás a mal a claridade con que che falo, que está dictada, e tí ben o sabes, pola

sinceridade amistosa. Todo o que che digo sae do máis íntimo da miña conciencia. Creo honradamente que responde á verdade».

Piñeiro chamaba a Celestino Fernández de la Vega «querido Cilistro», con un deses hipocorísticos cultos de que tanto facían uso os ilustrados do século XVIII. Don Ramón tiña moito, ó meu ver, daquel modelo humano que, de ser maioritario entre nós, había cambiar, sen dúbida, o curso da nosa historia. Eu véxoo, se se me permite a frase, como figura, entre nós, dese *socratismo ilustrado*.

Darío Villanueva

Universidade de Santiago de Compostela